



EXMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 10 DE XUÑO DE 2015**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. ANA SIMÓNS SÁNCHEZ  
D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA  
D. JOSE RODRÍGUEZ TRIGO  
D<sup>a</sup>. MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ  
D<sup>a</sup> MARÍA JESÚS GARBIN DOMÍNGUEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS  
D. ANTONIO GARRIDO POUSA  
D. POLICARPO VILAR MISA  
D. RAUL COSTAS LAFUENTE

D<sup>a</sup> MARÍA ISABEL DOMÍNGUEZ QUINTAS  
D<sup>a</sup> NATALIA VANESA VARGAS GONZÁLEZ  
D. ARTURO PEREIRA PEQUEÑO  
D<sup>a</sup> SANDRA MARIA COSTAS MARTINEZ

D. JOSE LUIS BLACH FERNANDEZ  
D. IAGO PEREIRA MOREDA

**NON ASISTÍU:**

D. ANTONIO AMORÍN MARTÍNEZ (Grupo mixto)

**SECRETARIA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup>. SUSANA GALLARDO FARIÑA

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D<sup>a</sup>. ROSA MARIA DEL RIEGO SANTOS

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a dez de xuño de dous mil quince, sendo as catorce horas reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello. , en primeira convocatoria aos efectos da aprobación da acta anterior segundo o disposto no artigo 36.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**1.- APROBACION DE ACTAS ANTERIORES**

**Acta da sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2015**

Sometida a votación a acta e non habéndose formulado observación resulta o seguinte: quince votos a favor (10PP, 4PSOE, 1 grupo mixto) e dúas abstencións (BNG).

E por isto polo que o Pleno da Coporación por maioría absoluta aproba a presente acta.

**Acta da sesión extraordinaria de data 14 de abril de 2015**

Sometida a votación a acta e non habéndose formulado observación resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

**Acta da sesión extraordinaria de data 27 de abril de 2015**

Sometida a votación a acta e non habéndose formulado observación resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

**Acta da sesión extraordinaria de data 21 de maio de 2015**

Sometida a votación a acta e non habéndose formulado observación resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

**Acta da sesión extraordinaria de data 5 de xuño de 2015**

Sometida a votación a acta e non habéndose formulado observación resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

---

A Presidencia concede un turno de palabra aos concelleiros:

Toma a palabra a Sra. Isabel Domínguez e desexa sorte aos presentes, á oposición e a todos e os baioneses e sinala que foi un pracer estos catro anos.

O Sr. Iago Pereira despide aos que se marchan.

O Sr. Amorín da grazas a todos e formula dous rogos: que se retiren os colectores do peirao e se intrúa a Policía Local para que persiga a xente que ocupa a vía pública. O concelleiro dí estar encantado de haber compartido <<mesa sen mantel>> durante estos catros anos co resto de concelleiros.

A Sra. Sandra María Costas manifesta que foi unha experiencia moi satisfactoria.

O Sr. Arturo Pereira manifesta estar moi orgulloso de ser concelleiro aínda que non está contento coa lexislatura pois puideron facer máis e despídese para sempre da política.

O Sr. Jose Luis Blach despídese a amosa o seu agradecemento.

O Sr. Jose Rodríguez da as grazas a todos os compañeiros e sinala que foron oito anos maravillosos que fixeron moitas cousas e que teñen un Alcalde moi bo.


A Sra. María Jesús Garbín manifesta que para ela foi un orgullo ser concelleira, un master en todo e un crecemento persoal. Agradece as persoas que apostaron por ela e a todos os traballadores do Concello que a fixeron sentir moi arropada e os conserxes dos colexios.


O Sr. Antonio Garrido manifesta que foi moi positivo para el compartir a labor de concelleiro estos catro anos cos concelleiros e manifesta estar moi contento.

Remata o turno de intervencións o Sr. Alcalde sinalando que está moi orgulloso do equipo de goberno e de toda a corporación. Sinala que as eleccións foron moi limpas e é un orgullo haber compartido cos concelleiros estos catro anos dentro das diferenzas e agradece a labor da Secretaria, Interventora e todos os funcionarios e traballadores do concello.

---

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.





**EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)**

Participo a vd. que con data 5 de xuño de 2015, polo Sr. Alcalde Presidente ditouse a seguinte:

**“RESOLUCION DA ALCALDÍA**

Logo da celebración das eleccións municipais 2015 e consonte o artigo 36.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización , Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais “ *El tercer día anterior al señalado por la legislación electoral para la sesión constitutiva de los Ayuntamientos, los concejales cesantes, tanto del pleno como, en su caso, de la Comisión de Gobierno, se reunirán en sesión convocada al efecto de aprobar el acta de la última sesión celebrada*”, esta Alcaldía en uso das facultades atribuídas polo artigo 21.1.c) da Lei reguladora das bases de réxime local, RESOLVE

Primeiro.- Convocar a todos/as concelleiros/as á sesión extraordinaria do Pleno que terá lugar o próximo día 10 de xuño de 2015 as 14:00 h no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

**ORDE DO DÍA.**

**APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-**

Acta da sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2015

Acta da sesión extraordinaria de data 14 de abril de 2015

Acta da sesión extraordinaria de data 27 de abril de 2015

Acta da sesión extraordinaria de data 21 de maio de 2015

Acta da sesión extraordinaria de data 5 de xuño de 2015

Segundo.- Notificar ós membros da Corporación

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó axente notificador e no seu caso á Policía Local ós efectos de realizar as notificacións antes das 24:00 h. do día 6/06/2015.

O que comunico a vd. para o seu coñecemento, debendo asinar o duplicado da presente para constancia no expediente.

Baiona, 5 de xuño de 2015  
A SECRETARIA

Asdo.- Susana Gallardo Fariña

